

23 Le atentamente a síntese e engade os datos que botes de menos.

A ECONOMÍA DE ENTREGUERRAS

Década de 1920

Consecuencias económicas da Primeira Guerra Mundial

- Fortes perdas humanas e materiais.
- Desarticulación das economías nacionais.
- Estrangulamento dos países perdedores polas indemnizacións de guerra.
- Desorganización do comercio e do sistema monetario internacionais.

Política económica internacional

- Falta de cooperación internacional nos primeiros anos da posguerra.

- Políticas proteccionistas.
- Plan Dawes para mellorar a economía europea.

Crecemento económico en EE.UU.

- Aumento da produción e abaratamento dos prezos.
- Fomento de novos sectores industriais.

A situación europea

- Francia: crecemento industrial.
- Reino Unido: estancamento económico.
- Alemaña: grave crise ata 1925 e posterior recuperación.

Crise de 1929

Causas

- Crise industrial e do sector da construción.
- Aumento da especulación bolsista.
- Subida da bolsa que non reflicte a situación real da economía.

Afundimento da bolsa

- Xoves negro: pónense á venda 13 millóns de accións e non hai compradores.
- Os días seguintes millóns de accións máis saen á venda sen compradores.
- As accións de bolsa perden todo o seu valor.

Consecuencias

- **Estados Unidos:**
 - Destrucción do aforro e descenso do consumo e do investimento.
 - Colapso do sistema bancario.
 - Quebra masiva de industrias e aumento do desemprego.
- **Extensión da crise:**
 - Estados Unidos repatría os seus investimentos en Europa e afúndese a economía dese continente.
 - Todos os países poñen barreiras proteccionistas que reducen drasticamente o comercio internacional.

Gran depresión da década de 1930

Primeiras medidas

- Fracaso das políticas deflacionistas.
- Aumento do proteccionismo e imposibilidade de chegar a un acordo entre os países para afrontar a crise de forma común.

Políticas nacionais

- **Estados Unidos e o New Deal:**
 - Saneamento do sistema bancario e crediticio.
 - Grandes investimentos en obras públicas para fomentar o emprego.
 - Medidas de protección social.

- **Reino Unido:**
 - Aumento do proteccionismo e acordo comercial coas colonias.
- **Francia:**
 - Programa de obras públicas para fomentar o emprego.
 - Acordos laborais para mellorar o nivel de vida dos asalariados.
- **Alemaña:**
 - Control estatal da economía.
 - Busca da autarquía.
 - Fomento de obras públicas e industrias armamentísticas para acabar co desemprego.

UNHA NOVA SOCIEDADE

Cambios na estrutura social

- Aumento do peso social da burguesía.
- Incremento das clases medias, que se empobreceron na década de 1930.
- Crecemento do proletariado.
- Diminución da poboación rural.

Novo papel da muller

- Incorporación ao mercado de traballo.

- Paulatina xeneralización do sufraxio feminino.
- Liberación social da muller, aínda que a maioría delas seguían aferradas ao rol tradicional.

Cultura de masas

- Novos medios de comunicación: prensa e radio.
- Novas formas de ocio: cine e competicións deportivas.